

NOVO PLAN DE ESTUDOS

No curso 2018-2019 entra en vigor un novo plan de estudos para as EOI, en virtude do Real Decreto 1041/2017.

O plan actual, do ano 2007, extingúese definitivamente en setembro de 2018.

QUE NIVEIS SE IMPARTEN?

Desde o nivel A1 até o nivel C2 do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL).

CAL É A DURACIÓN TOTAL DOS ESTUDOS?


O itinerario completo é de 5 anos en español e galego; de 8 anos en alemán; de 7 ou 8 anos en francés, inglés, italiano e portugués (véxase cadro).

Cos cursos integrados e intensivos esta duración pode variar.

NOVO HORARIO DAS CLASES

Por regra xeral, cada curso terá dúas sesións semanais de 2 h cada unha (120 h por curso).

ORGANIZACIÓN DE ESTUDOS DO NOVO PLAN 2018*



* Cada **cadro** representa un ano académico (120 h de clase).

COMO ACCEDO AO NOVO PLAN DESDE O PLAN 2007?

▼ Último curso superado* no plan anterior	Inglés, Francés, Italiano e Portugués	Alemán	Galego e Español
Básico 1	Accede a ▶ Básico A2	Básico A2	
Básico 2 ou Integrado	Accede a ▶ Intermedio B1	Intermedio B1.1	Intermedio B1
Intermedio 1	Accede a ▶ Intermedio B2.1	Intermedio B1.2	
Intermedio 2 ou integrado	Accede a ▶ Intermedio B2.2	Intermedio B2	Intermedio B2
Avanzado 1	Accede a ▶ Avanzado C1.1	Avanzado C1.1	
Avanzado 2 ou integrado	Accede a ▶ Avanzado C1.2	Avanzado C1.2	Avanzado C1
C1	Accede a ▶ Avanzado C2	Avanzado C2	Avanzado C2

* Os cursos non superados do plan 2007 dan acceso ao curso do plan 2018 inmediatamente anterior do que se indica nesta táboa.

CASOS ESPECÍFICOS

▶ ALUMNADO DO PLAN 2007 QUE NON CERTIFICA NIVEL

Co cambio de plan, haberá alumnado oficial que pase ao nivel superior sen certificar o nivel en que está matriculado no presente curso 2017-2018. É o caso do alumnado de:

- francés, inglés e italiano: Intermedio 1 e Avanzado 1 aprobados; Intermedio 2 e Avanzado 2 suspensos.
- alemán: Avanzado 1 aprobado; e Avanzado 2 suspenso.

O alumnado apto estará exento de taxas se quixer optar á proba de certificación na modalidade libre no vindeiro curso.

▶ ACCESO POR ACREDITACIÓN RECOÑECIDA

Poderase acceder directamente a un nivel determinado mediante proba de clasificación, ou mediante unha das acreditacións de dominio doutras institucións recoñecidas na Orde do 21/06/2016.

▶ ACCESO DESDE O BACHARELATO

O alumnado co Bacharelato superado poderá acceder ao nivel Intermedio B1 da 1ª lingua estranxeira cursada no IES.

▶ REASIGNACIÓN DE NIVEL

O vindeiro curso poderase valorar o nivel de dominio do novo alumnado que accedese mediante acreditación recoñecida, para asignarlle praza nun nivel distinto.

▶ ALUMNADO DE THAT'S ENGLISH!

No programa That's English! continuaranse a impartir os módulos do 1 ao 12, que se adaptarán á estrutura do novo plan, con titorías de 1,5 horas semanais.

PRECISAS SABER MÁIS?

Consulta toda a información en:

www.eoisantiago.org

Tamén podes atoparnos en:

EOI Santiago de Compostela
Rúa Ulpiano Villanueva 1-2
15704 Santiago de Compostela
Tlf. 981 554 710

Ou nas seccións de Sar (Santiago),
Negreira, Noia, Ordes e Ribeira.

Síguenos en:



www.facebook.com/eoisantiago



@eoisantiago



Novo plan de estudos das Escolas Oficiais de Idiomas

